NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Publicas - IMG		
Número expediente:	Documento:	
CON/52/2014	CONYI0S8	
063C2D345E2L0A6A0P6A		

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA DAR CONTA DO INFORME TÉCNICO E A REALIZACIÓN DA APERTURA DO SOBRE "C" QUE CONTÉN A OFERTA ECONÓMICA, DA CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A EXECUCIÓN DOS TRABALLOS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS LUDOTECARIOS MUNICIPAIS

Presidente: D. José M. Blanco Suárez, Alcalde-Presidente

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, Secretario Xeral da Corporación
D. Manuel G. Antón Villamil, Interventor Accidental
Dna. Yolanda Martínez García, Xefa do Servizo Sociocomunitario.

Secretario:

D. Ignacio Mazaira Garro, Xefe da Sección de Contratación

Na Sala de Reunións da Casa do Concello, en cumprimento do previsto no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, así como no prego de cláusulas administrativas particulares que regula a contratación do devandito servizo, co gallo de tratar os dous puntos da orde do día:

- Dar conta do informe técnico
- Apertura do sobre C: Oferta económica

De conformidade co establecido na cláusula 11.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, regulador deste contrato, en concordancia co expresado no artigo 27 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público e, despois de anunciarse no perfil de contratante a convocatoria desta mesa para coñecemento dos candidatos que participaron na licitación, neste acto público de apertura, cabe manifestar que non asistiu ningún representante das empresas participantes nesta licitación.

Sendo as 13:00 horas do día 21 de outubro de dous mil catorce, reúnese a Mesa de Contratación formada polos membros que enriba se expresan, para a comunicación da puntuación acordada para a documentación contida no sobre "B" de Documentación Técnica de Criterios de adxudicación que dependen dun xuízo de valor, e para apertura dos sobres "C" relativos á Oferta Económica das empresas admitidas á licitación.

Antes de proceder á apertura dos sobres da Oferta Económica, o secretario, advirte que neste momento deberíase proceder a tratar o punto primeiro da orde do día, non tanto ao non axistir ningún representante das empresas licitadoras a quen comunicar o resultado da

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

avaliación, pódese proceder de inmediato á apertura dos sobres "C" relativos ás Ofertas Económicas, así a Presidencia inicia a apertura dos sobres que conteñen as ofertas económicas dos licitadores co seguinte resultado:

Empresa Tedaga, S.L. propón o seguinte prezo: 46.966,92 euros, IVE: 9.863,05 euros, Total: 56.829,97 euros.

Empresa Axiña Servizos Deportivos S.L., propón un prezo de: 48.800,00 euros, IVE: 10.248,00, Total: 59.048,00 euros.

Empresa Esproade Servicios Integrados S.L., propón un prezo de: 49.049,25 euros, IVE: 10.300,34, Total: 59.349,59 euros.

Empresa Serindoc, S.L., propón o seguinte prezo: 39.813,56 euros, IVE: 8.360,85, Total: 48.174,41 euros.

Empresa Servi Plus, S.L., propón un prezo de: 44.400,00 euros, IVE: 9.324,00 Total: 53.724,00 euros

Dada a non asistencia de público, a comisión continua reunida co gallo de clasificar as ofertas e propoñer a adxudicación do contrato a aquela oferta máis avantaxosa para esta Administración, resultando:

Unha vez aplicada a fórmula de puntuación da oferta económica , o resultado foi:

Tedaga, S.L – 11,94 ptos
Axiña Servizos Deportivos S.L. – 1,93 ptos
Esproade Servicios Integrados S.L.- 0.56 ptos
Serindoc, S.L. – 51 ptos
Servi Plus, S.L.- 25,96 ptos.

Sumados os puntos obtidos en todos os criterios de avaliación e relacionados de maior a menor puntuación, resulta:

Empresa	Oferta Técnica	Oferta Económica	Total
Serindoc, S.L	39	51	90
Servi Plus, S.L	46	25,96	71,96
Tedaga S.L.	45	11,94	56,94
Esproade Servicios Integrados S.L.	44	0,56	44,56
Axiña Servizos Deportivos S.L.	40	1,93	41,93

Proponse, por tanto a adxudicación do contrato de asistencia técnica aos traballos de organización e funcionamento dos servizos ludotecarios municipais a SERINDOC S.L. polo prezo de 39.813,56 euros máis 8.360,85 euros correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 14:17 horas da data indicada no encabezamento, redactándose a presente acta, de cuxo contido eu a secretario dou fe, asinando comigo o Sr. Presidente

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es